

Título do proxecto: consumidores escolares capaces de formar consumidores críticos, libres e responsables.

Coordinadora: Julia Gallego Rodríguez.»

Debe dicir:

«2. CEIP Santo Estevo.

Localidade: Parga (Lugo).

Título do proxecto: Tres erres fronte al consumismo.

Coordinadora: M^a Teresa Maseda Paz.»

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se determinan os centros públicos autorizados a impartir formación profesional específica para adultos, con carácter experimental e na modalidade a distancia para o ano 2005.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece, nos seus artigos 1 e 2, como unha das finalidades da lei, que a oferta de formación sostida con fondos públicos favorecerá a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás distintas expectativas e situacións persoais e profesionais.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, da calidade da educación, no seu artigo 52 determina que a educación permanente ten como obxectivo ofrecerlles a todos os cidadáns a posibilidade de formarse ao longo de toda a súa vida para o seu desenvolvemento persoal e profesional e de facilitar o acceso aos distintos niveis do sistema educativo. Así mesmo, establece no artigo 54 que as administracións educativas adoptarán as medidas oportunas para que as persoas adultas dispoñan nos centros ordinarios que se determinen dunha oferta específica dos estudos de bacharelato e formación profesional, organizada consonte as súas características, que facilitarán o seu acceso aos niveis ou graos das ensinanzas non obrigatorias e que organizarán a oferta pública de ensinanza a distancia co fin de atender axeitadamente a demanda de formación permanente das persoas adultas.

O Real decreto 362/2004, do 5 de marzo (BOE do 26 de marzo), polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional específica, fixa no seu artigo 2 h) como unha das finalidades da formación profesional a de fomentar a formación ao longo da vida e motivar futuras aprendizaxes a través de vías formativas que se adapten ás situacións per-

soais e profesionais dos cidadáns. Así mesmo, na disposición adicional novena indica que as ensinanzas de formación profesional para persoas adultas poderán impartirse nas modalidades presencial e a distancia. Nesta mesma disposición adicional, pero nos puntos 2, 3 e 4, establece que as administracións educativas en cumprimento do disposto no artigo 54.2º da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, adoptarán as medidas oportunas para que as persoas adultas dispoñan, nos centros ordinarios que se determinen, dunha oferta específica de formación profesional, que poderá desenvolverse en diferentes quendas, adaptadas á xornada partida ou continua, mediante matrícula parcial, nun ou en varios dos módulos que compoñen un ciclo formativo. Por outra parte, na súa disposición derradeira terceira fai unha habilitación xenérica para o desenvolvemento normativo, indicando que lle corresponde ao ministro de Educación, Cultura e Deporte, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, ditar as normas que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

A Orde do 31 de maio de 1999, pola que se regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica en réxime ordinario e para as persoas adultas, establece no seu artigo 3 que as ensinanzas de ciclos formativos poderán cursarse polo réxime ordinario, polo réxime para as persoas adultas e polo réxime de ensinanzas a distancia, nas condicións e cos requisitos que se establezan.

A Orde do 16 de xullo de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 13 de setembro), pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional específica de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 8 de outubro de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 17 de outubro), pola que se rectifican erros advertidos na anterior, establece na súa disposición derradeira a autorización á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, para adaptala ás peculiaridades das ofertas de formación profesional destinadas ás persoas adultas ou pola modalidade a distancia.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que ten conferidas,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Determinar os centros públicos destinados a impartir formación profesional específica para adultos na modalidade de ensinanza a distancia, con

carácter experimental para o ano 2005 e coa oferta que se indica no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-Currículo.

O currículo dos ciclos formativos de formación profesional específica na modalidade a distancia que se establece nesta orde será o mesmo que o establecido para a modalidade presencial. As horas de libre disposición rexeranse segundo o establecido polo artigo 8.3º da Orde do 31 de maio de 1999, corrección de erros *Diario Oficial de Galicia* do 23 de xullo.

Artigo 3º.-Condições de acceso.

1. Requisito de idade:

a) Poderán acceder a estas ensinanzas as persoas maiores de dezoito anos ou que cumpran esta idade no ano natural en que efectúen a matrícula.

2. Requisitos académicos:

a) Terán acceso directo a esta modalidade de ensinanza as persoas que reúnan os requisitos establecidos no artigo quinto da Orde do 12 de abril de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 29 de abril):

-Estar en posesión do título de bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

-Ter superado o segundo curso do bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986 (BOE do 6 de novembro).

-Ter superado o curso de orientación universitaria ou preuniversitario.

-Estar en posesión do título de técnico especialista, técnico superior ou titulación equivalente para efectos académicos.

-Estar en posesión dunha titulación universitaria ou equivalente.

b) Así mesmo, poderán acceder a esta modalidade de ensinanza as persoas que acrediten ter superado as probas de acceso aos correspondentes ciclos formativos reguladas pola Orde do 1 de abril de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* do 12 de abril)

Artigo 4º.-Inscrición e matrícula.

1. Inscripción.

a) O prazo de inscrición do alumnado nesta modalidade de ensino establecerase entre o 8 e o 11 de marzo de 2005 ambos inclusive, nos centros que se relacionan no anexo I.

b) O alumnado poderá matricularse nos módulos aos que se fai referencia no anexo I. En ningún caso poderá matricularse en módulos pertencentes a distintos ciclos formativos.

c) A inscrición farase efectiva presentando o correspondente formulario de inscrición que se facilitará no centro, xunto coa documentación acreditativa á que se fai referencia nos artigos terceiro (fotocopia compulsada do DNI e certificación de cumprir os requisitos académicos de acceso directo ou ter superada a proba de acceso ao correspondente ciclo formativo) e sexto.

d) Os centros remitirán todas as solicitudes á Subdirección Xeral de Formación Profesional antes do 15 de marzo. En caso de existir máis solicitudes que prazas ofertadas constituirase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha comisión de escolarización que revisará a documentación presentada e elaborará a relación provisional de alumnos admitidos baseándose nos criterios descritos no artigo 5º. A comisión de escolarización estará constituída por:

-O subdirector xeral de Formación Profesional que actuará como presidente dela.

-Un inspector de educación dun dos centros onde se vai a impartir a oferta modular a distancia.

-Un director dalgún centro onde se imparta a devandita oferta.

-Un profesor con atribución docente para cada familia profesional obxecto da presente orde.

-Un técnico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario.

e) A listaxe provisional de admitidos publicarase o 16 de marzo no centro onde se presentase a solicitude. Contra esta listaxe, as persoas non admitidas poderán presentar reclamación o 17 de marzo no mesmo centro.

f) O 18 de marzo de 2005 publicarase no centro educativo a relación definitiva do alumnado admitido. O prazo de formalización de matrícula será do 29 de marzo ao 1 de abril nas secretarías dos centros correspondentes onde se realizou a inscrición.

2. Matrícula.

a) O alumnado matriculado nun ciclo formativo na modalidade presencial poderá matricularse na modalidade a distancia nos cursos académicos seguintes. En calquera caso, nun mesmo curso académico un alumno/a unicamente poderá estar matriculado/a na modalidade presencial ou a distancia, pero non poderá en ningún caso simultanear ambas as dúas modalidades.

b) O alumnado matriculado nun ciclo formativo na modalidade a distancia poderá matricularse na modalidade presencial nos cursos académicos posteriores, sempre que existan prazas vacantes.

c) A matrícula realizarase só para os módulos profesionais non superados.

Artigo 5º.-Baremo para a admisión do alumnado.

En caso de existir máis solicitudes que prazas ofertadas para cada un dos módulos descritos no anexo I, o baremo que se vai aplicar para seleccionar o alumnado que, cumprindo os requisitos establecidos no capítulo quinto da presente orde, aspire a unha praza, será o seguinte:

a) Por estar traballando nunha actividade coincidente coas competencias do módulo que se vai estudar: 10 puntos.

b) Por ter traballado polo menos seis meses nunha actividade coincidente coa competencia do módulo que se vai estudar: 9 puntos.

c) Por estar traballando nunha actividade non coincidente coa competencia do módulo pero asociada a el: 8 puntos.

d) Por ter traballado polo menos seis meses nunha actividade non coincidente coa competencia profesional á que está asociada o módulo e en cada unidade de competencia se fose o caso: 7 puntos.

e) Por estar traballando noutras actividades non relacionadas co módulo: 5 puntos.

f) Por ter traballado noutras actividades non relacionadas co módulo: 5 puntos.

g) Non posuír experiencia laboral: 0 puntos.

2. Con estes criterios elaborárase a listaxe dos solicitantes ordenada de maior a menor puntuación, tendo en conta que cada aspirante se baremará por unha única epígrafe (o que lle outorgue maior puntuación).

3. En caso de empate na puntuación, os aspirantes ordenaranse segundo a seguinte orde de prioridade:

a) Máis tempo traballado.

b) Maior idade da persoa solicitante.

c) De persistir o empate, resolverase mediante sorteo.

4. As persoas non seleccionadas quedarán en reserva, por se se dese o caso de que algunha das que xa fose seleccionada non formalizase a matrícula nos prazos previstos ou se dese de baixa.

Artigo 6º.-Documentación que teñen que presentar os solicitantes para a baremación.

A documentación acreditativa que os solicitantes deberán presentar para a baremación das epígrafes a), b), c), d), e), f) será a seguinte:

-Certificación da empresa, na que se fagan constar especificamente as actividades laborais desenvol-

vidas pola persoa interesada relacionadas co campo profesional que se corresponde cos estudos que pretenda cursar, así como o número de horas dedicadas a elas. No caso de traballadores por conta propia, certificación de alta no imposto de actividades económicas.

-Certificación da Tesouraría da Seguridade Social e/ou da mutualidade laboral na que se estivese afiliado, onde conste a empresa e o período de contratación.

No caso de persoal das Forzas Armadas, certificación de vida laboral expedida pola pagadoría do centro de destino actual, en que consten os empregos desempeñados por destino, coa especialidade militar e o período de exercicio.

Artigo 7º.-Calendario de desenvolvemento desta formación.

O calendario escolar da formación profesional a distancia para o ano 2005 abranguerá desde o 29 de marzo ata o 30 de xuño de 2005.

Artigo 8º.-Avaliación, promoción, certificación e titulación do alumnado.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua a través das actividades presenciais que se programen e o seu desenvolvemento seguirá o disposto con carácter xeral sobre avaliación na formación profesional específica.

2. Ao longo do período lectivo correspondente a cada un dos módulos que compoñen o ciclo formativo, o profesor de cada módulo realizará un seguimento do desenvolvemento do proceso de ensino aprendizaxe, utilizando para iso os instrumentos e procedementos de recollida de información previamente establecidos na programación dos módulos e que deberán ser coñecidos polo alumnado.

3. Unha porcentaxe de ausencias superior ao 10% das actividades prácticas presenciais implicará a perda do dereito á avaliación continua. Neste caso, a avaliación final do módulo establecerase en función do resultado dunha proba que se realizará ao remate do curso académico.

4. O centro establecerá horarios alternativos que lle permitan ao alumnado recuperar as sesións prácticas ás que non puideron asistir, segundo se indica no anexo II.

5. O alumnado poderá solicitar a expedición de certificacións académicas para acreditar os módulos superados.

6. A superación de todos os módulos profesionais dun ciclo formativo dará dereito á expedición do correspondente título profesional.

Artigo 9º.-Funcións do profesor.

1. Na formación profesional específica na modalidade a distancia, a función do profesor terá como finalidade asesorar e desenvolver accións de carácter orientador e formativo que conduzan a unha maior eficacia e eficiencia dos procesos de ensino aprendizaxe para a adquisición das capacidades terminais dos módulos profesionais.

2. Ao inicio de curso, o centro fará público a programación dos módulos para este tipo de ensinanzas, que incluíra o calendario das actividades presenciais, o horario do profesorado a disposición do alumnado e toda a información que se considere de interese xeral.

A formación a distancia é un modelo aberto en que o alumnado marca o seu propio ritmo de aprendizaxe en función das súas necesidades e dispoñibilidade de tempo. Con tal obxectivo, estableceanse horarios de atención presencial e telemática á marxe das actividades presenciais para que o alumnado poida recibir as orientacións pertinentes por parte do profesorado.

Co fin de darlle as máximas facilidades á comunicación entre alumnos e profesores, o centro establecerá un horario específico semanal de atención en diferentes días, que contará coa correspondente aprobación do Servizo de Inspección Educativa.

Artigo 10º.-Metodoloxía pedagóxica.

Estas ensinanzas de formación profesional específica na modalidade a distancia baséanse no emprego das distintas tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente da internet, e inclúen actividades de autoaprendizaxe para o alumnado empregando a plataforma de *e-learning* da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, especialmente deseñadas para a formación profesional e para a modalidade a distancia. Estas actividades baséanse en materiais didácticos específicos e actividades presenciais eminentemente prácticas de formación no centro docente.

Artigo 11º.-Profesorado.

Os requisitos de titulación e especialidade docente do profesorado que imparta as ensinanzas de formación profesional específica na modalidade a distancia, serán os mesmos que os establecidos para impartir as ditas ensinanzas na modalidade presencial na normativa vixente. En xeral, un módulo será impartido por un único profesor.

A dedicación horaria do profesorado para o desempeño da función docente e de atención ao alumnado relacionada con esta modalidade de enseñanza será a que se estableza para cada módulo profesional no anexo II da presente orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-Todos aqueles aspectos relativos á ordeación académica e avaliación sobre formación profesional específica na modalidade a distancia, non regulados na presente orde, rexeranse polas normas que con carácter xeral regulan as ensinanzas presenciais de formación profesional específica.

Segunda.-O alumnado que curse ensinanzas de formación profesional específica na modalidade a distancia, non estará sometido á limitación de convocatorias establecida para a modalidade presencial.

Terceira.-O alumnado que cursase un ciclo formativo de formación profesional específica na modalidade presencial e esgotase o número de convocatorias dos cursos académicos ás que ten dereito, poderá incorporarse a estas ensinanzas na modalidade a distancia, segundo lle corresponda polos estudos cursados.

Disposición derradeira

Autorízanse as direccións xerais de Centros e Ordenación Educativa, Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de Persoal para ditar cantas normas sexan precisas para a interpretación, aplicación e desenvolvemento do disposto nesta orde.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Oferta formativa de formación profesional específica para adultos na modalidade a distancia

Código de centro: 36017430.

Concello: Vigo.

Centro: IES Ricardo Mella.

Ciclo: desenvolvemento de produtos electrónicos.
Módulos profesionais: lóxica dixital e microprogramable.

Nº prazas ofertadas: 20.

Ciclo: sistemas de telecomunicacións e informáticos.
Módulos profesionais: arquitectura de equipamentos e sistemas informáticos.

Nº prazas ofertadas: 20.

Código de centro: 15021913.

Concello: Fene.

Centro: IES de Fene.

Ciclo: sistemas de telecomunicacións e informáticos.
Módulos profesionais: arquitectura de equipamentos e sistemas informáticos.

Nº prazas ofertadas: 20.

ANEXO II

Nº horas de atención ao alumnado e dedicación horaria do profesorado que imparte formación profesional específica para adultos na modalidade a distancia para cada un dos módulos que se ofertan

Ciclo formativo: desenvolvemento de produtos electrónicos.

Nome do módulo: lóxica dixital e microprogramable.

Nº horas totais do módulo (currículo): 240.

Nº horas prácticas presenciais: 72.

Nº horas/sesións presenciais semanais (1 sesión= 50 minutos): 5 h (6 sesións).

Atención telemática/telefónica a alumnos: 4 sesións.

Atención presencial a alumnos (sesións semanais): 2 sesións.

Ciclo formativo: sistemas de telecomunicacións e informáticos.

Nome do módulo: arquitectura de equipamentos e sistemas informáticos.

Nº horas totais do módulo (currículo): 185.

Nº horas prácticas presenciais: 55.

Nº horas/sesións presenciais semanais (1 sesión= 50 minutos): 4 h (5 sesións).

Atención telemática/telefónica a alumnos: 4 sesións.

Atención presencial a alumnos (sesións semanais): 2 sesións.

Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

A Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio oral e escrito similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14.3º da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Para poder conseguir iso, esta mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación no ensino do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. Esa regulamentación está establecida nos decretos 247/1995, do 14 de setembro, e 66/1997, do 21 de marzo.

Como órgano impulsor e dinamizador das medidas necesarias para levar a cabo o que dispoñen eses decretos e, consecuentemente, para conseguir que os alumnos acaden o dominio do galego que establece a Lei de normalización lingüística, cada centro individualmente ten que constituír un equipo de normalización lingüística. Este equipo é o que recollen

os decretos 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, respectivamente, decretos que foron desenvolvidos, tamén respectivamente, polas ordes do 22 de xullo e do 1 de agosto de 1997 (publicadas no DOG do 2 de setembro).

Por todo isto, para asegurar os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade e para axudar a que eses equipos poidan levar a cabo aqueles proxectos que incidan na promoción do galego, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.

1. Esta orde ten por obxecto convocar axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a contribuír ao financiamento daqueles proxectos que incidan directamente na promoción do galego nas aulas, que realicen no ano 2005 os equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional de Galicia. Estes equipos son os constituídos de acordo co establecido nos decretos 324/1996, do 26 de xullo, e 374/1996, do 17 de outubro.

2. Os proxectos e os traballos para os que se solicite axuda serán os contidos na programación de actividades elaboradas e aprobadas por cada centro para acadar os obxectivos recollidos nos plans específico e xeral para o uso do idioma galego (artigos 83 e 64 dos decretos 324/1996, do 26 de xullo, e 374/1996, do 17 de outubro, respectivamente) e os obxectivos recollidos nos decretos 247/1995, do 14 de setembro, e 66/1997, do 21 de marzo.

Segundo.

As axudas destinaranse preferentemente:

1. A satisfacer os gastos de adquisición e/ou elaboración de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego.

2. A organización de programas e actividades, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

Terceiro.

As axudas financiarase con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.470.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, aprobados pola Lei 13/2004, do 29 de decembro, por unha contía máxima de 62.500 € (sesenta e dous mil cincocentos euros).

Cuarto.

A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade máxima de 2.000 € (dous mil euros).